

**Mos  
Merece  
Máis!**



**BNG DE MOS**

# **PROGRAMA DE GOBERNO 2023-2027**

**118 propostas realistas, realizables e necesarias  
para construír o concello que merecemos.**

**bng** 

BNG  
BLOQUE  
NACIONAL  
GALLEGO

Estimada veciña, estimado veciño,

Queremos sentir orgullo de vivir en Mos, pero non por ter o nome do noso concello escrito nas rotondas con letras luminosas. O orgullo de ser de Mos ten que vir por contar cuns servizos dignos e de calidade, porque ninguén se vexa na obriga de irse vivir a outros lares pola falla de vivenda accesíbel, porque as portas do Concello estean abertas a todo o mundo e por gozar dunha actividade cultural viva, diversa e da que sexa participe a veciñanza de todas as parroquias de Mos.

Podemos conseguir isto e moito máis se poñemos as persoas no centro da vida pública, deixando de lado a propaganda e o caciquismo dos últimos anos. No BNG apostamos por un goberno que defenda os intereses da veciñanza fronte aos especuladores que queren lucrarse a costa do noso territorio e os nosos recursos naturais. A política ten que estar ao servizo da cidadanía, non dos poderosos.

O goberno municipal debe tratar con igualdade a todas a veciñanza e a todas as asociacións. Por iso imos ofrecer un trato equitativo a todos os colectivos e as persoas, poñéndonos a disposición de todo o mundo sen esixir a cambio carnés de partido nin fotos para as redes sociais.

O programa de goberno que o BNG ten para Mos xira en torno a dous grandes eixos: promover o crecemento sustentábel do noso concello e garantir o benestar da veciñanza. Ímolo facer de forma ordenada, dende o respecto aos valores naturais do territorio e asegurándonos de dar uns servizos dignos e de calidade. Para conseguilo, entendemos que é imprescindible desenvolver un centro urbano, un novo núcleo residencial e de servizos na contorna das Pozas, arredor da futura Casa do Concello.

Para que Mos teña futuro, a nosa mocidade precisa ter onde vivir e traballar. Por iso imos procurar a colaboración doutras administracións para crear novas bolsas de vivenda, pública e accesíbel, en réxime de venda e alugueiro. Entendemos, ademais, que a formación é un factor esencial e por iso imos seguir insistindo na importancia de construír un segundo instituto público con Formación Profesional.

Estas son só algunhas pinceladas do novo Mos que no BNG queremos construír para os próximos anos. Farémolo sempre escoitando a opinión toda a veciñanza que aspira a ter unha mellor calidade de vida. Cuns servizos públicos dignos nun concello situado na meirande área metropolitana de Galiza e cunha administración municipal ao servizo das persoas.

Mos merece máis e ímolo conseguir entre todas e todos.

Gustavo Barcia Seijo  
Candidato do BNG á alcaldía de Mos



Gustavo  
Barcia  
Seijo

Mos  
Merece  
Máis!



# 1. URBANISMO



1.1. Desenvolvemento do **núcleo urbano das Pozas**: centralización de servizos coa construción dun novo edificio para a Casa do Concello, un segundo instituto público con FP e un centro de saúde.

1.2. Paralización do pelotazo promovido polo presidente do Real Club Celta S.A.D. nos montes comunais de Pereiras e Tameiga.

1.3. Revisión e modificación do PXOM para corrixir as numerosas eivas que presenta: anchos de vía, zonas urbanizables, etc.

1.4. Axilización dos trámites administrativos ligados ao departamento municipal de Urbanismo.

# 2. VIVENDA



2.1. Creación dun **parque de vivenda pública en réxime de venda e alugueiro** na contorna das Pozas, como parte do desenvolvemento dun novo núcleo residencial e de servizos.

2.2. Potenciar a rehabilitación de vivenda a través de bonificación nos tributos municipais (ICIO, IBI...).

### 3. VÍAS E OBRAS

- 3.1. Planificación seria e rigorosa das obras municipais.
- 3.2. Execución dos traballos de mantemento precisos para a conservación das infraestruturas municipais.
- 3.3. Mellora e acondicionamento dos camiños en todas as parroquias.
- 3.4. Execución dun **plan integral de renovación e mellora da rede viaria municipal**, prestando especial atención aos puntos máis problemáticos en materia de seguridade viaria.

#### ALGUNHAS ACTUACIÓNS PRIORITARIAS

- Humanización e mellora da seguridade viaria en todo o trazado da estrada provincial Mos-Puxeiros.
- Finalización das obras de humanización da estrada Pereiras-Tameiga.
- Mellora dos accesos e da circulación xeral en torno á urbanización de San Eleuterio.
- Humanización e mellora da seguridade viaria na estrada Xeneroso Dominguez, en Cela.
- Mellora da seguridade viaria no camiño da Fontiña, dende o campo de Cerqueirás ata Santa Marta.



- 3.5. Esixirlle ao Ministerio de Transportes a execución urgente dunha serie de **actuacións pendentes, dende hai anos, en vías de titularidade estatal**.

#### ALGUNHAS DAS OBRAS ESIXIDAS

- Humanización e mellora da seguridade viaria da N-550 ao seu paso pola parroquia de Mos cunha nova rotonda, un semáforo e un paso peonil.
- Execución dos accesos comprometidos ao Tablado e mellora da incorporación a San Antoíño, en Louredo, dende a N-550.
- Construción dun paso elevado na N-550 no cruce de Amieiro longo, á altura do camiño da Quiringosta.
- Apantallamento acústico da A-55.
- Construción dunha nova saída da A-55 cara ao polígono industrial da Veigadaña.
- Inicio dos trámites para a reforma integral da A-55 coa construción dun túnel dende Os Molinos.

### 4. SERVIZOS ESENCIAIS

- 4.1. Extensión da rede de saneamento a todas as vivendas do termo municipal.
- 4.2. Creación dunha **liña de axudas ás traídas veciñais de augas** para o mantemento e renovación das súas instalacións.
- 4.3. Impulsar a creación dunha federación municipal de Traídas de Auga para coordinar esforzos, compartir experiencias, realizar compras conxuntas de subministrados e axilizar os trámites administrativos.
- 4.4. Instalación de paneis informativos nos colectores de lixo sobre horarios do punto limpo, recollida de voluminosos, etc.
- 4.5. Colocación de colectores para a recollida de pilas e lámpadas.
- 4.6. Ampliación do horario punto limpo.
- 4.7. Colocación de composteiros na rúa en zonas urbanas (urbanizacións de San Eleuterio e San Antoíño, Puxeiros, Sanguñeda, etc).

### 5. MEDIO AMBIENTE

- 5.1. Recuperación de terreos abandonados mediante a creación dun banco de terras ou unha empresa municipal que promova o aproveitamento das parcelas.
- 5.2. Creación dunha empresa pública para o limpado dos montes e fincas.
- 5.3. Colaboración coas comunidades de montes para a prevención de incendios e a creación de rutas de sendeirismo.
- 5.4. Recuperación do leito e as marxes de todos os cursos fluviais do concello.

- 4.5. Ampliación do **Paseo do Louro** e conexión co existente no Porriño sen asfaltar nin encher de formigón as marxes do río, respectando e potenciando os valores naturais da contorna.



- 4.6. Elaboración dun plan para a erradicación de especies invasoras (mimosa, acacia, herba da pampa, velutinas, etc.).

## 6. EFICIENCIA ENERXÉTICA

- 6.1. Adoptar medidas de eficiencia enerxética en todos os edificios municipais.
- 6.2. Promover o uso de enerxías limpas a través da creación dunha comunidade enerxética municipal.
- 6.3. Renovación das luminarias de todo o concello para impulsar o aforro enerxético.

## 8. PATRIMONIO

- 8.1. Creación dun **catálogo do patrimonio histórico, artístico e etnográfico** do concello para a súa divulgación e conservación.



### 8.2 Recuperación e musealización do Castro de Torroso

## 9. TRANSPORTE

- 9.1. Potenciar o transporte público mediante **liñas de autobús que cheguen a todas as parroquias e servizos baixo demanda**, con frecuencias e horarios que faciliten as entradas e saídas do traballo.
- 9.2. Promover o uso do coche eléctrico a través de puntos de recarga en edificios municipais e en lugares neurálxicos das parroquias.
- 9.3. Ofrecer vantaxes nas taxas municipais ás persoas usuarias de vehículos eléctricos.
- 9.4. Renovación da frota municipal de vehículos mediante a adquisición de modelos eléctricos.
- 9.5. Creación de aparcadoiros para bicicletas en zonas urbanas e puntos neurálxicos do concello.
- 9.6. Regulación e control, por parte da Policía Local, do tránsito de vehículos pesados nas vías de titularidade municipal.
- 9.7. Regulación clara e definitiva do tráfico na contorna "humanizada" da Igrexa de Torroso.

## 7. BENESTAR ANIMAL

- 7.1. Programación de campañas de concienciación e coñecemento do benestar animal.
- 7.2. Creación dunha hospedaxe para animais domésticos.
- 7.3. Subscrición de acordos con organizacións dedicadas ao coidado dos animais.

8.3. Realización dos estudos precisos para a posible escavación e posta en valor do castro da Cidade, en Louredo.

8.4. Recuperación e posta en valor da aldea de Alfacuca, en Louredo, para uso veciñal, a través da conversión deste espazo nun gran parque público onde programar eventos ao aire libre e habilitación, nos edificios, de locais de ensaio e salas para o desenvolvemento de todo tipo de actividades.

8.5. Recuperación dos muíños do río Louro.

8.6. Posta en valor da ruta dos muíños de Pereiras, coa súa restauración íntegra, e adquisición da casa-muíño de Sanguñeda para destinala a centro de interpretación.

8.7. Humanización e embelecemento da contorna da igrexa románica de Guizán.

8.8. Creación do arquivo fotográfico de Mos.

8.9. Posta en valor e recuperación do patrimonio inmaterial: cantigas, oficios antigos, música...

- 9.8. Poñer fin aos **atascos e problemas de seguridade viaria** nunha serie de puntos conflictivos:



- Control do tránsito de vehículos pesados pola Travesía de Puxeiros e regulación de entradas e saídas do colexio Lar.
- Regulación do tráfico para evitar os atascos nas entradas e saídas do colexio O Castro, en Cela, con mellora das estradas de acceso.
- Regulación do tráfico na contorna do colexio Santo Tomás, en coordinación co Concello do Porriño.
- Regulación do tráfico na travesía de Sanguñeda e na area comercial de Amieirolongo.

## 10. EMPREGO E PROMOCIÓN ECONÓMICA



10.1. Ofertar cursos adaptados ás necesidades actuais das empresas para crear emprego de calidade ligado ás novas tecnoloxías: robótica, drones, etc.

10.2. Reforma das actuais instalacións do CDL para o desenvolvemento de cursos de formación en hostalería.

10.3. Ofertar dende o Concello instalacións para autónomos e empresas que necesiten oficinas.

10.4. Extensión da **conexión a internet por fibra óptica** a todo o termo municipal.

10.5. Posta en marcha, en colaboración coas asociacións sectoriais, de campañas de apoio á hostalería local e o comercio de proximidade.

## 11. TURISMO

11.1. Destinar recursos económicos e materiais ao **coidado do Camiño de Santiago**, adecentando o seu paso polo concello.

11.4. Instalación de placas informativas, con códigos QR, nas que se ofrezca información práctica, en varios idiomas, ao longo de todo o percorrido do camiño de Santiago polo termo municipal.

11.2. Creación dun apartado na páxina web municipal para o turismo e as empresas.

11.3. Creación dun mapa interactivo de puntos de interese turístico do concello de Mos.

11.5. Instalación de baños públicos en puntos estratéxicos.

11.6. Creación dunha área de autocaravanas.

11.7. Traslado do punto de información turística, actualmente instalado na rotonda das Angustias, á contorna do Pazo de Mos.



## 12. BENESTAR SOCIAL

### 12.1 Reforzo dos Servizos Sociais con máis persoal.

12.2. Aumento da partida orzamentaria destinada aos servizos sociais do Concello de Mos.

12.3. Creación dun programa municipal de voluntariado.

12.4. Esixir á Xunta a creación dun centro de día e de noite de titularidade e xestión 100% pública no antigo hospital do Rebullón.

12.5. Construción dunha nova escola infantil no futuro centro urbano das Pozas que substitúa a actual da Porteliña, que é a mais antiga do concello.

12.6. Creación dunha nova ludoteca pública na contorna do futuro centro urbano das Pozas.

## 13. IGUALDADE

13.1. Reforzo do CIM con mais persoal e medios económicos.

13.2. Programación de cursos de formación en materia de xénero para o persoal de todos os departamentos do Concello.

13.3. Colaboración cos entidades que organizan eventos de ocio e festas populares para a formación en violencia de xénero e igualdade, así como para a instalación de puntos de información.

13.4. Desenvolvemento de campañas reais de concienciación, tanto en cuestións de xénero como LGTBI.

13.5. Redefinición das actividades programadas dende o Concello ligadas a datas como o 8 de marzo ou o 25 de novembro, co fin de dotalas dun enfoque reivindicativo e informativo e non lúdico-festivo.

## 14. MOCIDADE

14.1. Potenciar os hábitos de **ocio saudable** entre os sectores máis novos da poboación.

14.2. Programación de actividades e eventos de ocio e culturais adaptados ás inquiredanzas actuais da mocidade.

14.3. Habilitación de dependencias municipais como locais de ensaio e salas de reunións.

14.4. Creación de contornas seguras e libres de fobias e machismo nas actividades dirixidas á mocidade.

14.5. Realización de eventos de artes e deportes urbanos.

14.6. Creación de zonas Wi-Fi abertas nos lugares e equipamentos onde a mocidade do concello de Mos desenvolve as súas actividades (multiúsos, piscina, Pazo de Mos, etc.).

14.7. Instalación de bancos públicos con puntos de recarga para móbiles.

## 15. EDUCACIÓN



15.1. Esixirlle á Xunta de Galiza a construción dun **novo instituto público con ciclos de FP** media e superior, cunha oferta educativa que reforce e complemente a do actual IES de Mos.

15.2. Esixirlle á Xunta a construción dun patio cuberto para o actual instituto.

15.3. Asignarlle a cada colexio público do concello a súa propia praza de conserxe.

## 16. SANIDADE

16.1. Esixirlle á Xunta de Galiza a **construción dun novo centro de saúde** nas Pozas.

16.2. Esixirlle á Xunta de Galiza a creación dunha unidade de Fisioterapia no centro de saúde de Mos.

16.3. Esixirlle á Xunta de Galiza a creación dunha unidade de Psicoloxía no centro de saúde de Mos.

16.4. Promover campañas de hábitos de vida saudables para todos os sectores da poboación.



## 17. DEPORTE



17.1. Aumento das **partidas orzamentarias destinadas a deporte base** e reforzo das axudas ás entidades deportivas.

17.2. Creación dunha liña de axudas para a adquisición de material deportivo por parte das asociacións.

17.3. Construción dun novo pavillón de deportes que teña as condicións óptimas para o desenvolvemento de competicións oficiais.

17.4. Reforma e ampliación da piscina municipal coa dotación dun novo vaso adaptado ao desenvolvemento de actividades para crianzas e maiores.

17.5. Creación dun verdadeiro ximnasio municipal

17.6. Creación dun rocódromo para a práctica segura da escalada.

17.7. Reforma do campo de fútbol de San Antoiño, en Louredo.

17.8. Creación, en colaboración coas comunidades de montes, dun parque multiaventura.

## 18. CULTURA

18.1. Incremento do orzamento destinado ao **Plan Cultural**.

18.2. Creación dunha liña de **axudas para a organización de actividades culturais e o mantemento dos locais do tecido asociativo**.

18.3. Creación dun calendario municipal de eventos en colaboración coas asociacións.

18.4. Creación dun departamento municipal de normalización lingüística

18.5. Programación de eventos culturais en todas as parroquias do concello, con actividades adaptadas ao equipamento dispoñible en cada lugar.



18.6. Reforma do **auditorio do Multiúsos** para adaptar as súas instalacións ás esixencias técnicas das redes galegas e estatais de espectáculos ao vivo.

## 19. FESTAS

19.1. Impulsar a **Festa da Rosa** cunha programación potente, laica, participativa e aberta a toda a veciñanza.

19.2. Potenciar e axudar ás diferentes festas con carácter singular que se celebran no noso Concello.

## 20. PARTICIPACIÓN CIDADÁ

20.1. Activación de mecanismos de consulta e espazos de debate para a elaboración de orzamentos participativos.

20.2. Modificación do regulamento orgánico dos plenos para permitir que tanto a veciñanza como as

distintas entidades que conforman o tecido asociativo poidan intervir de maneira directa nas sesións.

20.3. Fomento da colaboración e a comunicación coas asociacións, ofrecendo absoluta equidade de trato a todas as entidades veciñais, culturais, sociais e sectoriais.

## 21. ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL



21.1. Construción dunha **nova casa consistorial nas Pozas** en torno á que centralizar todos os servizos e departamentos do Concello.

21.2. Traslado provisional dos plenos ao auditorio do Multiúsos, co obxectivo de facilitar o acceso da veciñanza mentres non se constrúa o novo edificio consistorial.

21.3. Reorganización xeral do funcionamento interno do Concello para facelo máis eficaz e transparente.

21.4. Simplificación e axilización dos trámites .

21.5. Creación dunha area técnica que axude ás entidades sociais e á veciñanza na xestión de trámites.

21.6. Promoción do uso de software libre na Administración municipal.

21.7. Ofrecer garantías de transparencia nos procesos selectivos do persoal do Concello.

21.8. Creación dunha nova páxina web que sexa útil para a veciñanza.

21.9. Máxima esixencia de transparencia en todas as decisións do goberno municipal.

21.10. Desenvolvemento dunha aplicación móbil do Concello de Mos para favorecer unha comunicación máis rápida e eficaz.



## 22. ECONOMÍA E FACENDA

### FINANCIAMENTO DAS PROPOSTAS RECOLLIDAS NO PROGRAMA

22.1. Adopción de **medidas de aforro** que permitan centrar o gasto municipal naquelas áreas que máis benefician á veciñanza, como Servizos Sociais, Cultura ou Deporte.

#### MEDIDAS DE AFORRO

Elaboración dun **plan de eficiencia enerxética** en edificios municipais e puntos de alumado. Deste modo reduciríase nun 20%, como mínimo, unha factura eléctrica que en 2022 ascendeu a 1.200.000 euros.

**AFORRO ANUAL: 240.000€**

Redución dunha **dedicación exclusiva** das 5 que hai na actualidade.

**AFORRO ANUAL: 31.800€**

Rescisión do contrato de renting e creación de contido para as **pantallas led da rotonda das Angustias**.

**AFORRO ANUAL: 33.770€**

Redución á metade dos 51.387,7€ de gasto en **publicidade en medios de comunicación**.

**AFORRO ANUAL: 25.700€**

Só con estas catro medidas pode obterse un aforro anual, en total, de **331.270€**.

#### REDUCIÓN OU SUPRESIÓN DE GASTOS INNECESARIOS

Cifras extraídas das contas dos anos 2021-2022

Merchandising

**13.165,99€**

Carpas (11 instaladas en 2022)

**23.740€**

Festa pre fin de ano

**37.000€**

Letras luminosas de SomosMos

**30.000€**

Bandeira xigante de Mos

**1.000€**

Vídeo de Nadal de 3 min

**2.700€**

22.2. Actualización dos padróns fiscais para que cada empresa e cada familia pague o que lle corresponda pagar.

22.3. Persecución da fraude fiscal.

22.4. Implantación dunha política de busca de financiamento doutras institucións (Deputación,

Xunta, Estado, Unión Europea) ambiciosa e coherente, baseada en proxectos de mellora do concello e non en ocorrencias.

22.5. Deixar de contratar proxectos externos que non necesarios ao contar con persoal municipal capacitado (ver cadro inferior).

#### PERSONAL CAPACITADO

O concello conta con dous arquitectos no seu cadro de persoal e aínda así destináronse, en 2022, alomenos 122.000€ a proxectos e asesorías de arquitectos externos (casualmente algúns relacionados co PP), o cal supón unha carga adicional e moitas veces innecesaria para as arcas municipais.



## Contacta co BNG!



608 08 83 83



@bngdemos



mos.bng.gal



mos@bng.gal



@bngdemos



Bng de Mos